

Solicitante	DNI/CIF	Concello	CP	Provincia	Importe subvención concedida	Obxecto da subvención
Calo Álvarez, Jesús A.	36080521F	Moaña	36954	Pontevedra	1.824,79	Adquisición ferramenta
Pérez Vaquero, Juan C.	35553260K	Tomíño	36750	Pontevedra	5.465,18	Adquisición maquinaria
Ruibal Picáns, Lino	35456072P	A Estrada	36000	Pontevedra	1.544,78	Obras de acondicionamento obradoiro
Fandiño Gondar, Miguel A.	35470549H	Ribadumia	36636	Pontevedra	1.939,25	Adquisición maquinaria
Fuentes Nora, Juan	76814194J	Lalín	36500	Pontevedra	2.069,57	Adquisición maquinaria e ferramenta auxiliar
Alonso Pérez, Ana María	76987204V	Tui	36720	Pontevedra	2.453,00	Adquisición maquinaria
Alonso González, Roberto	36081764P	Vigo	36204	Pontevedra	11.396,74	Adquisición equipamento informático e divulgación
<i>Alfredo Lagos Silva y Hno., C.B.</i>	E36760684	Vigo	36208	Pontevedra	18.158,66	Obras mellora obradoiro e adquisición maquinaria
Otero Pino, Pablo	36088371Z	Vigo	36205	Pontevedra	13.421,65	Obras modernización obradoiro
	52480463Y	Lalín	36500	Pontevedra	3.290,06	Adquisición maquinaria
Fernández Blanco, Juan C.						
García Guerra, Manuel	32637963C	Lalín	36500	Pontevedra	532,32	Participación en feiras

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 21 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2009).

A regulación da actividade de marisqueo a pé atópase recollida nos artigos 28 e seguintes da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia; no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de actividade pesqueira e marisqueira, así como na Orde do 31 de maio de 1995, pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade.

Esta normativa establece que, con carácter xeral, as/os mariscadoras/es deben cesar na súa actividade, dándose de baixa no censo correspondente, no mesmo día que cumpran 65 anos, polo que, en tales circunstancias, poderían solicitar a correspondente pensión de xubilación, de conformidade coa normativa vixente en materia de Seguridade Social.

Non obstante, existe un colectivo de mariscadoras/es que ao finalizar a súa actividade profesional polo cumprimento da idade anteriormente indicada non pode desfrutar da pensión de xubilación por non acadar o período mínimo de cotización requirido pola Seguridade Social.

Non obstante, o desenvolvemento de disposicións en materia de Seguridade Social que instrumentaron, mediante o instituto do convenio especial, a inclusión de distintos colectivos en diversos réximes do sistema, permite, na actualidade, dar solución e cobertura a estas/es mariscadoras/es.

Deste xeito, faise necesario o establecemento de axudas asistenciais que permitan, dunha parte, colaborar no pagamento das súas cotizacións para completar, mediante a subscrición dun convenio especial coa Seguridade Social, os seus períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar, co obxecto de acadar unha pensión de xubilación e, doutra parte, facilitar a súa subsistencia durante o transcurso do tempo necesario para completar as cotizacións.

En consecuencia, ditáronse as ordes do 8 de agosto de 2007 e do 23 de novembro de 2007, co fin de establecer as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé completasen os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación.

Manténdose as circunstancias que motivaron as referidas ordes, procede estender a súa acción protectora ao longo do exercicio de 2009, polo que de acordo con todo o exposto e con suxeición ao sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta orde establece as bases reguladoras das axudas, durante 2009, para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar, mediante a suscripción de convenio especial, co obxecto de acadar pensión de xubilación na súa modalidade contributiva.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas asistenciais e de subsistencia para que as/os mariscadoras/es a pé poidan comple-

tar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar, co fin de acadar pensión de xubilación na súa modalidade contributiva, así como a súa convocatoria para o ano 2009.

2. Estas axudas serán aplicables en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-*Beneficiarias/os das axudas.*

1. Poderán solicitar as axudas reguladas nesta orde as/os mariscadoras/es que reúnan os requisitos establecidos no artigo seguinte e que no período comprendido entre o 1 de novembro de 2008 e o 31 de outubro de 2009 acaden algunha das situacións sinaladas a continuación:

a) Que tivesen o permiso de explotación para o marisqueo a pé (permex) en vigor ata o día inmediato anterior á data de cumprimento dos 65 anos.

b) Que, unha vez cumpridos os 65 anos, teñan pro-rrogado o permex.

2. Igualmente, poderán solicitar as axudas reguladas nesta orde as persoas que obtiveron axuda na convocatoria regulada pola Orde do 23 de novembro de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2008), publicada no DOG nº 232, do 30 de novembro.

Artigo 3º.-*Requisitos das/os beneficiarias/os.*

1. As/os beneficiarias/os deberán:

a) Ter exercido a actividade marisqueira a pé durante os dez anos anteriores á data de cesamento nesta.

b) Ter cotizado á Seguridade Social un período mínimo de 9 anos. Non obstante o anterior, bastará un período mínimo de 8 anos para as persoas solicitantes que cumpran as condicións do artigo 2 no período comprendido entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2008.

c) Estar ao día, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Asinar un convenio especial coa base mínima do grupo III, tarifa 9, do réxime especial dos traballadores do mar, ou ter asinado convenio especial de base igual ou superior a aquel.

e) Non ser beneficiaria/o de ningunha outra axuda para a mesma finalidade e non ser perceptora/or de pensión de xubilación ou incapacidade permanente.

f) Non estar incurso/a en prohibición que lle impida ter condición de beneficiaria/o de subvencións.

2. Ás persoas comprendidas no número 2 do artigo 2º non se lles exixirá o requisito sinalado na letra a) do número 1 deste artigo.

Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

1. As/os beneficiarias/os percibirán unha axuda asistencial consistente no seguinte:

-Módulo a) de importe mensual igual ao correspondente á pensión mínima de xubilación para maiores de 65 anos (sen cónxuxe a cargo) durante 2009.

-Módulo b) de importe mensual igual ao da cota dun convenio especial coa base mínima do grupo III, tarifa 9, do réxime especial dos traballadores do mar durante 2009.

2. A axuda percibirana ao longo do ano natural e iniciaranse os seus efectos económicos na data de cumprimento dalgunha das condicións indicadas no artigo 2º e nunca antes do 1-1-2009.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias, polo que se éstas fosen insuficientes, se procedería ao seu rateo entre os beneficiarios, conforme o disposto no número 3º do artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Dotación orzamentaria.*

As axudas concederanse por importe máximo de 2.000.000 € e imputaranse á aplicación 14.01.721A.780.0, proxecto 2009 00887, do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009.

Esta orde tramítase de acordo co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998, da Consellería de Economía e Facenda, sobre tramitación anticipada de gastos, polo que a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos desta consellería para o ano 2009.

Artigo 6º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación das solicitudes será o seguinte:

a) Para as persoas comprendidas no número 1 do artigo 2º, un mes contado desde o día seguinte ao do cumprimento dalgunha das situacións sinaladas nas súas letras a) e b).

b) Para as persoas comprendidas no número 2 do artigo 2º, un mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para acceder a estas axudas presentaranse na oficina de Rexistro Único e Información do complexo administrativo de San Caetano ou nas oficinas de rexistro previstas no Decreto 164/2005, do 16 de xuño (DOG nº 121, do 24 de xuño). Así mesmo, poderán presentarse nos demais lugares e formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes formalizaranse nos impresos oficiais que se inclúen no anexo I desta orde e deberán acompañar os seguintes documentos:

a) Copia cotexada do documento nacional de identidade.

b) Informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

c) Compromiso de subscribir o convenio especial a que se refire a letra d) do artigo 3º co Instituto Social da Mariña (anexo II), ou copia do convenio especial asinado.

d) Declaración de non ser beneficiario de ningunha outra axuda para a mesma finalidade e de non ser perceptor de pensión de xubilación ou incapacidade permanente (anexo III).

e) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición que lle impida ter a condición de beneficiario de subvencións (anexo IV).

f) Anexo V debidamente cuberto.

g) Certificación bancaria do número de conta.

3. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da axuda comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que a/o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, a/o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións. Igualmente, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos á/ao interesada/o.

4. As/os solicitantes deberán comunicarlle á consellería, no prazo máximo de cinco días, toda variación que se produza na súa situación respecto da Seguridade Social. Así mesmo, no caso de falecemento dalgunha ou dalgún solicitante, este feito deberá ser comunicado polos seus herdeiros, coa maior brevidade posible, xuntando a correspondente certificación de defunción.

Artigo 8º.-*Emenda.*

1. Revisadas as solicitudes pola Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, poderá reclamarse en caso de documentación incompleta ou defecto desta, por escrito ás/aos interesadas/os para que nun prazo de dez (10) días remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixesen, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento do procedemento a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos poderá requirir aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios

para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Artigo 9º.-*Procedemento de concesión e órgano avaliador.*

1. Polo obxecto e finalidade destas axudas, que se concederán dentro dos límites orzamentarios, a todas/os as/os beneficiarias/os que reúnan os requisitos exixibles, non será necesario realizar nin comparación nin prelación das solicitudes presentadas, polo que neste procedemento non procede a concorrencia competitiva.

2. A concesión destas axudas tramitarase polo procedemento abreviado establecido no artigo 22 de Lei 9/2007, polo que non intervirá o órgano avaliador a que se refire a citada norma legal.

Artigo 10º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución destas axudas correspóndelle á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos. Non obstante, de acordo co sinalado nos artigos 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución destas axudas queda delegada no secretario xeral da consellería.

2. A resolución de concesión da axuda, así como a súa notificación ás/aos beneficiarias/os, realizaranse segundo o sinalado no título I da Lei 9/2007 citada.

3. O prazo máximo para a duración do procedemento será de 60 días, que se computarán conforme o sinalado no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a partir da presentación da solicitude nos lugares indicados no artigo 7º.

4. A resolución notificaráselles aos interesados para que no prazo de 10 días comuniquen a súa aceptación ou o rexeitamento da axuda nas condicións expresadas nela. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda segundo dispón o artigo 21.5º da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Recursos.*

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous (2) meses, contados, en ambos os dous casos, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, que sempre será expresa.

Artigo 12º.-*Xustificación e pagamento.*

1. A axuda liquidarase mensualmente e é imprescindible para a súa xustificación e pagamento que as/os beneficiarias/os presenten, para o primeiro pagamento, copia compulsada do convenio especial

asinado co Instituto Social da Mariña, en unión do anexo VI, datado e asinado.

2. A administración, para o primeiro pagamento, unirá aos anteriores xustificantes a documentación, relativa a cada beneficiaria/o, que se indica a continuación:

a) Certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non ter débedas pendentes, por ningún concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

b) Certificación bancaria do número de conta.

3. Para os pagamentos sucesivos bastarán as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non ter débedas pendentes, por ningún concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

Artigo 13º.-*Obrigas das persoas beneficiarias.*

1. As persoas beneficiarias deberán comunicarlle á consellería, no prazo de cinco días, calquera modificación das condicións tidas en consideración para a concesión da axuda.

2. As persoas beneficiarias someteranse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectúe a consellería, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da comunidade autónoma e ás que a lexislación vixente lles atribúe a outros organismos da comunidade autónoma.

3. Igualmente, someteranse ás obrigas establecidas na Lei 9/2007 citada.

Artigo 14º.-*Causas de extinción da axuda.*

A percepción da axuda extinguirase polas seguintes causas:

a) Por quedar a/o beneficiaria/o comprendida/o, pola realización de actividade, no campo de aplicación de calquera réxime dos que integran o sistema da Seguridade Social.

b) Por adquirir a condición de pensionista de xubilación ou de incapacidade permanente en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.

c) Por falecemento da/o beneficiaria/o.

d) Por cumprir os requisitos necesarios para causar pensión de xubilación.

e) Pola falta de pagamento reiterada das cotas do convenio especial asinado pola/o beneficiaria/o.

Artigo 15º.-*Reintegro.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así como do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para o devandito procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.

1. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con suxeición a esta orde, indicando o programa e crédito orzamentario a que se imputan, beneficiaria/o, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde observase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, e nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceira.-As persoas que percibiron axudas ao abeiro da Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2008), para beneficiarse desta convocatoria unicamente deberán presentar os anexos I, III, IV e V, debidamente cubertos, salvo que se atopasen nalgún suposto de extinción da axuda.

Disposición transitoria

Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente, polo transcurso dos prazos establecidos para a súa resolución e pagamento, poderán ser tomadas en consideración na seguinte convocatoria, trasladando os seus efectos económicos ao posterior exercicio.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral para que dite as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2008.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría Xeral

Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19
Fax 981 54 40 37

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA QUE OS/AS MARISCADORES/AS A PÉ POIDAN COMPLETAR OS PERÍODOS MÍNIMOS DE COTIZACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE152A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS DO/A SOLICITANTE				DNI	
ENDEREZO		PROVINCIA		CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E na súa representación:

NOME E APELIDOS				NIF/CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA		CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX		

2.- OBXECTO

AXUDAS ASISTENCIAIS E DE SUBSISTENCIA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA _____
---------------------------------------	--

3.- DECLARO: que reúno todos os requisitos da convocatoria.

4.- ACEPTO: o compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.

5.- AUTORIZO: o órgano xestor para solicitar dos organismos competentes os certificados de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos, poderán serme requiridos.

6.- AUTORIZO: de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os periodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2009).</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____		NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE _____, de _____ de _____			

Secretario xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
San Caetano s/n - 15781 Santiago de Compostela

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría XeralEdificio Administrativo San Caetano, 5
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19
Fax 981 54 40 37*ANEXO I (continuación)*

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA Á SOLICITUDE

- ☐ Documento nacional de identidade da/o asinante da solicitude.
- ☐ Informe da vida laboral expedido polo Instituto Social da Mariña á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á entidade da Seguridade Social que corresponda.
- ☐ Compromiso de subscrición de convenio especial co Instituto Social da Mariña (anexo II) ou copia compulsada do convenio especial asinado.
- ☐ Declaración de non ser beneficiaria/o de ningunha outra axuda para a mesma finalidade e de non ser perceptora/or de pensión de xubilación ou incapacidade permanente (anexo III).
- ☐ Declaración responsable de non estar incurso/o en prohibición para obter a condición de beneficiaria/ou de subvencións (anexo IV).
- ☐ Anexo V debidamente cuberto.
- ☐ Certificación bancaria do número de conta.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PESCA
Y ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría GeneralEdificio Administrativo San Caetano, 5
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19
Fax 981 54 40 37*ANEXO II*

COMPROMISO DE SUBSCRICIÓN DE CONVENIO ESPECIAL

Don/Dona , con DNI , solicitante das axudas reguladas na Orde do pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2009).

DECLARA: que, co obxecto de ser beneficiaria/o das axudas arriba indicadas, se compromete a asinar un convenio especial coa base mínima do grupo III, tarifa 9, do réxime especial dos traballadores do mar.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

(Sinatura)

OBSERVACIÓN: As/os solicitantes que tivesen asinado un convenio especial de base igual ou superior ao indicado (convenio especial coa base mínima do grupo III, tarifa 9) non estarán obrigadas/os a cubrir este anexo, salvo que opten pola subscrición do convenio sinalado do réxime especial dos traballadores do mar.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
Y ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría General

Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19
Fax 981 54 40 37

ANEXO III

DECLARACIÓN SOBRE OUTRAS AXUDAS OU PRESTACIÓNS

Don/Dona , con DNI , solicitante das axudas reguladas na Orde de pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2009).

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN:

Axudas concedidas:

- ☐ Non solicitei nin se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo suposto.
- ☐ Non son beneficiaria/o de prestación de pensión de xubilación ou incapacidade permanente.

Lugar e data:

, de

de

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
Y ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría General

Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19
Fax 981 54 40 37

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONS

Don/Dona , con DNI , solicitante das axudas reguladas na Orde do pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2009).

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que non estou incurso/o en ningún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin desempeño ningún dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

E QUE:

Non estou incurso/o en ningunha circunstancia que me inhabilite para ser beneficiaria/o de axudas e subvencións, e en particular:

- Non fun condenada/o mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións e axudas públicas.
- Non din lugar, por causa da que fose declarado/a culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Non fun sancionada/o mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou a Lei xeral tributaria.

Lugar e data:

, de

de

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
Y ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría General

Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19
Fax 981 54 40 37

ANEXO V

AUTORIZACIÓNS EXPRESAS

Don/Dona , con DNI , solicitante das axudas reguladas na Orde do pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2009).

AUTORIZO DE XEITO EXPRESO A CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

1º) Para pedir ao Instituto Social da Mariña, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á entidade da Seguridade Social que corresponda información da miña vida laboral, para os únicos efectos da orde indicada.

2º) Para interesar do Instituto Social da Mariña a realización do estudo de xubilación relativo ao solicitante, para os únicos efectos da orde indicada.

3º) Para solicitar ao Instituto Social da Mariña, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á entidade da Seguridade Social que corresponda información sobre o convenio especial que, de ser o caso, tivese asinado, para os únicos efectos da orde indicada.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
Y ASUNTOS MARÍTIMOS
Secretaría General

Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 54 40 38 - 981 54 40 19
Fax 981 54 40 37

ANEXO VI

SOLICITUDE DE LIQUIDACIÓN DE AXUDA

Don/Dona , con DNI , beneficiario/a das axudas reguladas na Orde do pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de acadar pensión de xubilación (anualidade de 2009).

SOLICITA:

A liquidación da primeira mensualidade da axuda concedida, para o que acompaña copia compulsada do convenio especial asinado co Instituto Social da Mariña.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

(Sinatura)